

Recomendación dirixida ao Concello de Salceda de Caselas debido aos ruídos provocados por locais dunha rúa dese concello

Expediente: C.6.Q/21385/17

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2018

Sr. alcalde:

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito da comunidade de propietarios do edificio Rey González polos ruídos na zona.

ANTECEDENTES

1. Dende hai uns meses están a orde do día o barullo, balbordo, ruído, escándalo, lixo, botellóns, cristais rotos, carreiras de vehículos e terrazas traseiras ilegais, nos locais de copas da rúa Pontevedra. Abren e pechan ao antollo dos seus propietarios, ata pasadas as 7 da madrugada, todos os venres e sábados. A pesar de ter numerosos escritos de protesta dos veciños/as desta rúa dende hai anos (rexistrados no Concello de Salceda), e a pesares de ter abertos varios expedientes ante o Valedor do Pobo (o último, o C.6.Q/12749/16), de novo volven a insistir querendo facer constar o seguinte:

-Hai locais con terraza externa aberta pasadas as 2 da madrugada, coas conseguintes molestias ocasionadas coa TV e na recollida de mesas e cadeiras.

-Os locais que contan con dobre porta segundo a normativa vixente son útiles cando están pechadas, pero se permanecen abertas ata as 5 ou 6 da madrugada o ruído da música e das vibracións nas ventás faise insoportable.

-Deberían ter un porteiro que controle a entrada e a saída de vasos de cristal a rúa (coma si fan outros locais da zona) e evitarían os perigos dun amencer cheo de cristais nos arredores.

-A discoteca ECLIPSE, da que descoñecen se ten licenza concedida, renovada, ou simplemente solicitada, puxo en marcha unha terraza traseira con música e ruído ata altas horas da madrugada.

Queren por en coñecemento do Concello de Salceda diversos aspectos a ter en conta na súa apertura definitiva. Coma a regulación de todo isto está recollido na "*ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas,*

taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa..."e nos diversos bandos emitidos pola alcaldía deste concello onde se especifica nos puntos 4º A: 'Terminada a actividade diaria recóllense as mesas e cadeiras, evitando producir ruídos ou barullos que molesten a veciñanza, fora do dominio público" e 4º D: "Horario máximo de retirada de mobiliario. De luns a xoves ata as 24:00 horas e de venres a domingo ata as 1:00 horas".

As comunidades de veciños desta rúa levan presentando escritos no rexistro de entrada deste concello dende hai anos, todos motivados pola contaminación acústica desta rúa, solicitando medicións acústicas dende os distintos edificios, e incluso o Valedor do Pobo nos expedientes abertos ao Concello de Salceda de Caselas lle instan a declarar o entorno da rúa Pontevedra como *nivel especial de protección acústica*.

Solicitan: “-Que se inste aos propietarios dos locais a que teñan as portas pechadas durante toda a noite e cumpran a ordenanza de ruído no exterior. -Que se faga cumprir a ordenanza municipal de terrazas no tocante aos horarios de peche e se proceda ao precintado dos locais non cumpridores. -Que se inste a Policía Local e a Garda Civil a cumprir a normativa vixente, tendo patrullas de garda os venres e sábados durante toda a noite para poder controlar o barullo e vandalismo no exterior. -Que se facilite aos veciños afectados copias das licenzas de actividade e horarios de peche de todos e cada un dos locais que abren e pechan ao seu antollo. Se non percibimos solucións inmediatas, nos reservamos tomar todas as medidas legais oportunas para rematar dunha vez por todas con este problema que afecta a centos de veciños de Salceda de Caselas”.

2. Ante iso requirimos información ao concello, que nola remitiu. Recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución.

O ente local deu conta das xestións informais (reunións) e compromisos dos hostaleiros. Tamén enviou copia das licenzas dos locais e dunha comprobación de horarios realizada pola policía local nos locais o 17 de xuño de 2017, no que se compren os horarios. Porén, as reiteradas queixas dos afectados non se referían a iso. Indicaban que non se comproba o que se refire ás terrazas, que deberan ter un evidente tratamento especial en canto ao horario e ruídos e que teñen TV e recollen as mesas e cadeiras moi tarde; ao control da dobre porta; ao ruído que penetra nas súas vivendas; ao consumo e permanencia ruidosa ás portas e á sucidade como consecuencia da falta de control (porteiros); e a que a discoteca ECLIPSE puxo en marcha unha terraza traseira con música e ruído ata altas horas da madrugada. Ademais, a información pública solicitada debería trasladarse directamente ao solicitante.

3. Polo exposto requirirnos do concello que con urxencia facilitara aclaración sobre os extremos mencionados. O Concello de Salceda de Caselas respondeu cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirille da súa posible declaración como hostile e entorpecedor da labor da institución, e mesmo recordar que a non resposta pode constituír un delito (art. 502 CP).

Coa resposta seguían sen aclararse as reiteradas queixas dos afectados. Unicamente se sinalaba que comprobouse unha posible infracción por ruídos e se iniciou o correspondente expediente sancionador. Porén, o ámbito da queixa é moito mais amplo, como xa sinalamos nas anteriores comunicacións. Non se indicaba que se comprobara o que se refire ás terrazas (horario e ruídos, TV e recollida das mesas e cadeiras moi tarde); á dobre porta e o seu control; ao ruído que penetra nas vivendas (control xeral; só se menciona un control, os demais, realizados pola policía local, limítanse a requirir que se baixe o volume); consumo e permanencia ruidosa ás portas; sucidade como consecuencia da falta de control (porteiros); e discoteca ECLIPSE (terraza traseira con música e ruído ata altas horas da madrugada). Ademais, a información pública solicitada segue sen trasladarse ao solicitante, ou ao menos non se indica.

4. Novamente dirixímonos ao Concello de Salceda de Caselas co fin de que con urxencia facilitara aclaración sobre os extremos mencionados. Outra vez o informe recibíuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirille da súa posible declaración como hostile e entorpecedor da labor da institución, e mesmo recordar que a non resposta pode constituír un delito (art. 502 CP). Na resposta sinala o seguinte:

“... Tal e como se sinalou en anteriores oficios remitidos a esta Institución, por parte da Policía Local de Salceda de Caselas estanse a levar a cabo, semanalmente, actuacións inspectoras co fin de que se respecten os horarios de peche dos locais da rúa Pontevedra. Das actuacións practicadas levantáronse senllas denuncias aos locais que se excederon nos horarios máximos establecidos no exercizo da súa actividade. Por parte do Concello se están a tramitar as denuncias dacordo co procedemento establecido a fin de determinar, no seu caso, a imposición das eventuais sancións que legalmente corresponda impar dacordo coa normativa aplicable. En relación cos excesos de ruídos, o Concello tivo que solicitar a colaboración dunha entidade externa para levar a cabo as medicións necesarias para o control das emisións sonoras. Tras realizar as medicións oportunas, púidose comprobar que alomenos un local superaba os límites de ruído permitidos pola normativa, motivo polo cal, trala incoación do correspondente expediente, mediante Resolución da Alcaldía de data 3 de decembro de 2018 ditouse proposta de resolución declarando ao presunto infractor, responsable pola comisión dunha infracción tipificada da Lei 37/2003”.

ANÁLISE

1. O concello responde no mesmo senso que cando se fixo o anterior requirimento de información complementaria; non aclara o expresado nel.

Unicamente comprobouse unha posible infracción por ruídos e se iniciou o correspondente expediente sancionador -que agora se atopa en fase de proposta-. Porén, o ámbito da queixa é moito mais amplo, como sinalamos reiteradamente, pero sen resultado. Segue sen concretarse que se comprobara o que se refire ás terrazas (horario e ruídos, TV e recollida das mesas e cadeiras moi tarde); á dobre porta e o seu control; ao ruído que penetra nas vivendas (control xeral; só se menciona un control, os demais, realizados pola policía local, limítanse a requirir que se baixe o volume); consumo e permanencia ruidosa ás portas; sucidade como consecuencia da falta de control (porteiros); e discoteca ECLIPSE (terraza traseira con música e ruído ata altas horas da madrugada). Ademais, a información pública solicitada segue sen trasladarse ao solicitante, ou ao menos non se indica.

2. O ente local non responde de forma concluínte, polo que non pode coñecerse que a súa actuación fora a adecuada para descartar a vulneración dos dereitos pola que reclaman os afectados.

3. A necesidade de comprobar adecuadamente todas as circunstancias obxecto da queixa é consecuencia da normativa reguladora e da natureza das licenzas dos locais, de funcionamento, o que obriga aos concellos a facer unha vixilancia continuada dos establecementos con licenza dese tipo.

As actividades precisan a correspondente licenza municipal, e a través deste instrumento de control preventivo e continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas. Pero co outorgamento da licenza non termina o labor do ente local; a licenza abre unha relación continuada no curso da cal a Administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

4. Os reclamantes están demandando a preservación de dereitos fundamentais, os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2). Tamén reclaman a preservación doutros dereitos constitucionais, como a protección da saúde (art. 43.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2), polo que o cumprimento das obrigas da administración ten que ser moi rigoroso.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Salceda de Caselas a seguinte recomendación:

Que con urxencia se cumpran todas as obrigas municipais de comprobación, corrección e sanción aínda pendentes e que se mencionan na presente resolución, de tal forma que se garantan os dereitos constitucionais dos afectados.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente,

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo